

OS COTOS

SETEMBRO
2025




XV FESTA DE Os COTOS



***No camiño
de facernos cribles***



GRAZAS



235 Folla
informativa para
a comunidade
Cristiá

"Un contiño para vivir"

"Unhas fotos valen máis que moitas palabras"



Atopaos. Están todos.



O SANTO PARA O MES, en setembro, o día 9: **ARANZA-ARANCHA**

É nome de orixe vasca que se corresponde coa realidade xeográfica onde se erixiu o famoso santuario da Virxe de Aranzazu, na localidade guipuscoana de Oñate. O topónimo

significa "serra de abundantes picos". Tamén

se cree que pode facer referencia á suposta frase do pastor ao que se lle apareceu a Virxe "Ti entre espiños?". É a patroa de Guipúscoa, e segundo a lenda a Virxe aparecéuselle ao pastor Rodrigo de Balzategui en 1469 na montaña de Oñate. En Galicia esta advocación mariana pasou co nome da "Virxe do Espiño". Preto de nós temos o barrio de Aranza de Soutomaior.

CONSELLO



Non abonda con falar da PAZ.
Un debe crer nela
e traballar para acadala.

Eleanor Roosevelt

COUSAS DA FE E DA IGREXA DE "OS COTOS"



Día internacional da PAZ

21 de setembro



Dende 1982 o Día Internacional da Paz comeza co toque da Campá da PAZ na sede das Nacións Unidas en New York para celebrarse por todo o mundo.

Pero é certo que un día non fai nada, pois sabemos que nestes momentos estamos cheos de guerras.

Hoxe en día as guerras máis destacadas son Ucraia e o conflito entre Israel e Hamás en Gaza, pero tamén hai outros conflitos menos mediáticos pero igualmente graves en países como Siria, Yemen, Sudán del Sur, Afganistan e República Democrática do Congo, entre outros espallados por en diferentes partes do mundo.

Por iso é importante ter presente este día e non só pensar nel como nun día e xa está, podemos velo como unha proposta para tratar de resolver aínda que sexan problemas ou diferenzas pequenas. Vale a pena que sexa unha axuda para a construción dunha cultura da PAZ que perdure para as xeracións vindeiras.

A PAZ significa moito máis que a ausencia da guerra. Os conflitos máis ordinarios saen das disputas coa familia, os colegas e os veciños, estes conflitos pertuban o noso sentido da PAZ. Facer as paces cunha persoa hoxe, aínda que sexa connosco mesmo, é unha maneira adecuada de marcar o día.

A PAZ necesita construírse, non só celebrarse. Fai de cada día un día de PAZ mentres traballas para lograr a harmonía no fogar, no escola, no traballo, na comunidade, no coidado da terra.



O Papa LEÓN XIV

O Papa León XIV, baixo o lema “A paz sexa con todos vostedes: cara unha paz desarmada e desarmante”, exhorta á comunidade mundial a rexeitar a lóxica da violencia e a guerra, para abrazar unha paz auténtica, fundada no amor e na xustiza.

LECTURAS BÍBLICAS NOS DOMINGOS DE SETEMBRO

DÍA 7	LECTURA	Sab 9, 13-19	Quen pescudará o que hai no ceo?
	EVANXEO	Lc 14, 25-33	Compartide para serdes discípulos meus
DÍA 14	LECTURA	1 Tim 1, 12-17	Dou grazas porque confiou en min
	EVANXEO	Lc 15, 1-10	A alegría de volver ás mans de Deus
DÍA 21	LECTURA	Am 8, 4-7	Non esqueceréi a quen abusa do pobre
	EVANXEO	Lc 16, 1-13	Quen é coherente no pouco tamén o é no moito
DÍA 28	LECTURA	1 Tim 6, 11-16	Procura a xustiza e loita no camiño da fe
	EVANXEO	Lc 16, 19-31	Había un home rico e había un home pobre